



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Nomeamento das Tenencias de Alcaldía

Nomeamento das Tenencias da alcaldía

Con data 21 de xuño de 2023, por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 743/2023, que deseguido se transcribe íntegramente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Nomeamento das Tenencias de Alcaldía

Expediente. 2023/G005/000001

Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, por Resolución nº 742 2023, do 21 de xuño, corresponde á Alcaldesa desinar libremente aos Tenentes de Alcaldía de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local; visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcaldesa aos/ás seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1º. Juan Antonio Fariña Pedreira
- 2ª. Dª Patricia M.ª Vázquez Figueroa
- 3ª. María del Pilar Barja Val
- 4º. D. José Ramón Lorenzo Carou

SEGUNDO.- Corresponde aos/ás nomeados/as, pola orde indicada, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.

TERCEIRO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Bergondo, mércores 21 de xuño de 2023.

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez.

Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

Bergondo, 26 de xuño de 2023

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez